

CONTACTA CON
VIEIROS

NOVAS
HOXE AO COMPLETO

OPINIÓN

NO ESCÁNER
GALERÍAS
FOTOGRAFÍAS
ALGO ESPECIAL
ANTERIORES

COMUNIDADE
AXENDA
CHAT-CHAT-CHAT
FOROS
ENQUISAS
POSTAIS
TENDA

LIGAZÓNS
BUSCADOR
NOVIDADES
TOP100
DOSSIERS

PUBLICIDADE
QUE É VIEIROS

A Xeración Knows

Un artigo de: **Jaureguizar**
[28/06/2004]

O director de Galaxia Víctor Freixanes comentou, ao anunciar unha tradución do Ulyses de James Joyce ao galego, que "cada xeración ten un fito e este vai ser o fito desta". Referíase a que "este traballo enlaza á xeración actual coa Nós porque eles traduciron algúns fragmentos". Un elemento máis desa relación é a presenza de Xavier Queipo no equipo que desenrola a xeira; "un escritor joyciano, que xoga coas palabras". A Queipo situémolo como puntal maior da nova xeración de escritores galegos, a Xeración Knows, integrada tamén por Xurxo Borrazás, Xabier López López, Camilo Franco, Antón Lopo, Xesús Fraga, Fran Alonso, Francisco Castro, Rosa Aneiros, Miguel Anxo Murado ou Xerardo Quintiá.

O de Knows vénlles por ese interese pola concepción anglosaxona da literatura, máis inclinada ao urbano, ao experimentalismo, ao memorialismo e ao individualismo no canto desa ollada iberoamericana (no ronsel das creacións en español e portugués), de vontade política (colectiva, logo) e concienciada pola conservación do léxico de xeracións anteriores. A Xeración Knows séntese atraída polo ritmo ledo da narración e por historias nas que as relación persoais, o sexo, a violencia e os medios de comunicación —como procuradores de espectáculo— acadan cumprida presenza. Centrados na narrativa, adoitan valerse doutras disciplinas literarias dun xeito excepcional; malia iso, están moi interesados noutras artes, nomeadamente na música e no cine.

O amor e a súa ausencia motiva a Xavier Queipo, que o traza con fondura e con diferentes vertentes en Papaventos. Outro tanto lle ocorre a Rosa Aneiros, quen o coloca de eixo para a Revolución dos Cravos en Resistencia. As vivencias aparecen nas en tregas de Xesús Fraga (Solimán), Francisco Castro (Xeración perdida) e nos dous libros de contos de Xerardo Quintiá. Os tres practican o xénero dunhas memorias ficticias que se sobrepoñen ás propias. A crítica social e o sexo son os ámbitos no que se desenvolven a oito Xurxo Borrazás (Na maleta, Ser ou non) ou Camilo Franco (Por conto alleo), mentres que Antón Lopo (Ganga) e Fran Alonso (Males da cabeza) botan unha ollada ao transtornos. En solitario fican os divertimentos literarios de López López.

✚ [Máis artigos de opinión](#)



Jaureguizar

Santiago Jaureguizar naceu en Bilbao en 1965. Realizou estudos de Dereito na Universidade de

Santiago de Compostela e en 1993 comezou a traballar de xornalista no diario lugués El Progreso, profesión que segue exercendo no mesmo medio. Os seus inicios literarios están vencellados ao movemento Bravú, con títulos como "Fridom spik" (o seu primeiro libro), "Comendo espaguetis diante da televisión", "As horas sucias" e "Breve crónica universal da clase obreira". ✚ [Saber máis](#)

ÚLTIMOS ARTIGOS DE JAUREGUIZAR:

✚ [A Xeración Knows, insisto](#)
(01/07/2004)

✚ [Ver todos os artigos de Jaureguizar](#)